



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Bioética. lexislación e gestión en podoloxía	Código	750G02016	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Profesorado	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia proporciona coñecementos sobre os fundamentos da profesión podolóxica e as súas obrigacións deontolóxicas, así como a xestión clínica dos servizos de podoloxía. A materia versará sobre: as obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis. Dereitos do paciente. Responsabilidade civil e sanitaria. Problemas éticos no exercicio da profesión. Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. Marco profesional. Dereitos e obrigacións do profesional. Xestión clínica dos servizos de podoloxía. Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español. Autonomía do paciente. Manexo da documentación clínica: confidencialidade.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos - Non se mudan os contidos. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral, Eventos, Traballo tutelado, Seminario, Estudo de Casos, Proba de resposta múltiple. *Metodoloxías docentes que se modifican A proba de resposta múltiple no caso de non poder facerse de forma presencial, farase de forma telemática pero elimínase o factor de corrección do exame de resposta múltiple. Por estimar que ao responder telemáticamente pregunta por pregunta, e difícil facer una valoración global por parte do alumno, de se unha pregunta da que non está seguro da resposta, vaga a pena o risco do desconto. O exame (proba de resposta múltiple) farase a través do propio Moodle da materia, na que cada alumno estará conectado simultaneamente a través de TEAMS mediante a pantalla e a cámara do seu propio teléfono móbil, que deberá de estar activa durante todo proceso e mostrando todo o espazo de traballo. A través do TEAMS, comunicárase a clave de inicio do test e cada alumno poderá plantexar as dúbidas que teña (previa chamada de atención) de forma xenérica (que non identifique a resposta correcta), xa que será escoitada polo resto de estudantes. O test desenvolverase en dous grupos un a primeira hora (Grupos C e D) e outro a segunda (Grupos A e B). No caso de que un alumno de primeira hora tivera problema coa conexión unirase a segunda. Se o problema de conexión prodúcese nun alumno da segunda hora, habilitarase un terceiro grupo de exame. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado - Non mudan, faranse vía TEAMS. 4. Modificacións na avaliación - No caso de que a realización do exame (proba de resposta múltiple) non sexa posible vía telemática, a súa porcentaxe levarase o traballo tutelado (25%), seminario (15%), estudos de casos (20%), sesión maxistral (10%) e a elaboración dun esquema-resumo de cada unha das sesións maxistrais (20%). *Observacións de avaliación: o cambios produciranse se as condicións sanitarias así o obrigan. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non mudaría ningunha referencia pois todas ou xa están accesibles telemáticamente ou a información precisa sumínistrase coas presentacións das clases.
----------------------	--

Código	Competencias / Resultados do título
A13	Coñecer os Fundamentos da Podoloxía. Ergonomía. Historia da profesión e marco conceptual. Concepto de profesión. Nomenclatura técnica empregada en ciencias da saúde. Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.
A14	Actuar en base ó cumprimento das obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis. Dereitos do paciente. Responsabilidade civil e sanitaria. Problemas éticos no exercicio da profesión. Instrumentos que axuden ó profesional no caso de problemas éticos. Marco profesional. Dereitos e obrigacións do profesional.
A53	Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.
A61	Coñecer o Sistema Sanitario Español e os aspectos básicos relacionados coa xestión dos servizos de saúde, fundamentalmente os que estean relacionados coa atención e rehabilitación podolóxica.
A64	Identificar e integrar a práctica profesional desde o respecto á autonomía do paciente; describir os elementos propios do manexo da documentación clínica con especial atención ós aspectos de confidencialidade; identificar os criterios básicos de xestión clínica, economía da saúde e uso eficiente dos recursos.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.



B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B8	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B10	Desenvolver a capacidade de liderado.
B12	Capacidade de xestión da información.
B15	Sensibilidade cara temas medioambientais.
B16	Capacidade de organización e planificación do tempo e o traballo.
B18	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B22	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Coñecer e actuar en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normo praxes		A14	B12 B15 B22	C4 C8
Coñecer os dereitos e a autonomía do paciente. Coñecer e aplicar os conceptos de responsabilidade civil e sanitaria. Coñecer o manexo da documentación clínica: confidencialidade.		A14 A64	B6 B8 B18 B19	C1 C4
Coñecer o marco profesional así como os dereitos e obrigacións do profesional.		A14	B2 B3 B6 B7	C5 C7
Conocer los problemas éticos en el ejercicio de la profesión y los instrumentos que ayuden al profesional en caso de problemas éticos.		A14 A64	B1 B19 B22	C4 C7 C8
Adquirir a capacidade de xestión clínica dos servizos de Podoloxía. Coñecer a Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Coñecer a xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.		A13 A53 A61 A64	B10 B12 B15 B16	C3 C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Introducción á ética	1.1- Introducción. Noción xeral de Ética. 1.2- Conceptos: ética, moral, lexislación, deontoloxía. 1.3- Diferenzas entre Ética, Deontoloxía e Lexislación. 1.4- Diferentes perspectivas e tendencia da ética.



2.- Bioética	2.1. Introducción. Panorama histórico. 2.2. Concepto de bioética. 2.3. Principios bioéticas fundamentais.
3.- A Ética das profesións	3.1- Introducción. 3.2- Caracteres dunha actividade profesional. 3.3- Marco legal da profesión de podoloxía. 3.4- Código deontolóxico de Podoloxía. Obrigacións deontolóxicas do profesional de Podoloxía. 3.5-Problemas éticos no exercicio da profesión. 3.6-Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. 3.7.- Criterios de normopraxes.
4.- Dereitos e deberes do paciente	4.1- Os dereitos e deberes dos usuarios na Lei Xeral de Sanidade. 4.2- Os dereitos e deberes dos usuarios no Código Deontolóxico de Podoloxía. 4.3- A Información e o consentimento informado. 4.4- Lexislación reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. 4.5- Historia clínica. 4.6- Manexo da documentación clínica: confidencialidade.
5.- Dereitos e obrigacións do profesional.	5.1- Marco profesional. 5.2- Introducción ao concepto de responsabilidade profesional. 5.3- Responsabilidade civil e sanitaria. 5.4- A responsabilidade penal dos profesionais sanitarios. 5.5- Concepto de imprudencia profesional. 5.6- O segredo e a confidencialidade. 5.7- Colexiación e asociacionismo profesional.
6.- Xestión en Podoloxía	6.1- O sistema Sanitario Español. 6.2- Procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica. 6.3- Principios básicos da mercadotecnia. 6.4- Xestión clínica dos servizos de podoloxía. 6.5- Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. 6.6- Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A13 A14 A61 A64	14	10	24
Eventos científicos e/ou divulgativos	C7 C8	7	5	12
Estudo de casos	A53 A64 B1 B2 B3 B7 B8 B18 B19 B22 C4 C6	14	27	41
Seminario	A13 A53 A64	3	7	10
Traballos tutelados	B6 B10 B12 B15 B16 C1 C3 C5	4	20	24
Proba de resposta múltiple	A13 A14 A61 A64	2	32	34
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do estudante. Baseada na exposición oral telemática complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas ós estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a congresos e xornadas de orientación profesional, innovación e emprendimento (Xornadas Orientación profesional da Facultade, Laboralia, Plan de Acción Green Campus Ferrol, etc.) e elaboración dunha memoria-informe das mesmas. A asistencia e participación nestas actividades permitirán ao alumnado profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia e proporcionar coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes ao ámbito de estudo.
Estudo de casos	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e comunicación. A metodoloxía utilizada nesta materia basearase na Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP). É un método didáctico que permite ao alumnado adquirir coñecementos, habilidades e actitudes, para ser capaz de identificar, analizar e resolver problemas de saúde de maneira eficaz, eficiente e humana (Bridges, 1991; Branda, 1990) No ABP un grupo pequeno de alumnos/as reúnese, coa facilitación de titor, para analizar e resolver un problema (escenario) seleccionado ou deseñado especialmente para o logro de certos obxectivos de aprendizaxe. Cada estudante integrado, obrigatoriamente dentro dun grupo pequeno (5-6 membros), traballará conxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesor para optimizar a súa aprendizaxe e o do resto dos membros do grupo. O desenvolvemento deste escenario farase durante as horas de seminario e en cada grupo nas horas de traballo autónomo. Os grupos comporanse o primeiro día de clase da materia. Os resultados dos escenarios entregaranse a través da plataforma Moodle co nome de arquivo: EscenarioX_GrupoXnº.PDF
Seminario	Clase en grupo para o estudo intensivo da xestión podolóxica e o uso do software de xestión clínica COGECOP ou equivalente da que o estudante deberá de realizar unha memoria de uso e valoración do mesmo. Adicionalmente traballaranse sobre os aplicativos e sistemas de comunicación coa administración, tales coma o certificado dixital ou a plataforma É-Saúde.
Traballos tutelados	Traballo en grupo de 5-6 alumnos/as no que se fará un proxecto de creación dun centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía e no que se deberán de describir: - os trámites legais e administrativos necesarios para a creación de clínica podolóxica. - procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica. - plan de negocio e mercadotecnia da clínica podolóxica. - localización e deseño da clínica podolóxica. Este traballo deberase de entregar a través da plataforma Moodle. co nome: CS_podologiaGrupo.PDF
Proba de resposta múltiple	Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta. Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados a través da plataforma Moodle así como os escenarios do "Estudo de casos".

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Traballos tutelados	A atención personalizada se desenvolverá de forma programada en los horarios de tutorías del profesor y las horas de seminarios de la materia a través de la plataforma TEAMS. La atención personalizada está destinada a resolver cualquier tema relacionado con las diferentes metodologías y/o contenidos de la materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba de resposta múltiple	A13 A14 A61 A64	Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta cada 3 preguntas incorrectamente respondidas descontarán unha resposta correcta. Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados a través da plataforma Moodle así como os escenarios do "Estudo de casos". INSTRUCCIÓNS DO EXAME: - Depositar carteiras, maletíns, bolsos, abrigos, apuntamentos e dispositivos electrónicos (incluíndo teléfonos móbiles e reloxos de calquera tipo) nos colgadores e mesas do fondo da clase. - Non portar pantalóns curtos nin saias e levar pelo recolleito, cos pavillóns auditivos visibles. - Durante o exame na mesa só deberán de estar o exame, o cartón identificativo do estudante (DNI ou cartón UDC) e un máximo de 2 bolígrafos azuis non borrables. - A copia e o acceso con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles (incluíndo teléfonos móbiles, auriculares e reloxos de calquera tipo) será causa suficiente de expulsión da proba o que implicará a calificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia (en ambas as oportunidades). - Non escribir baixo ningún concepto na mesa nin mobiliario da aula.	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	C7 C8	Esta metodoloxía de aprendizaxe colaborativo, valorarase en función do número de copias dos diplomas da asistencia a xornadas/cursos sobre orientación profesional, innovación e emprendemento así como as conclusións do informe-memoria sobre as mesmas presentadas a través da plataforma moodle. Nete apartado destaca especialmente as (destacando especialmente as Xornadas de Orientación Profesional en Podoloxía organizadas pola Facultade de Enfermaría e Podoloxía, para aqueles que participen en directo evaluarase en función do número de charlas nas que asista de forma virtual e para aqueles que o hagan en diferido evaluarase en función da memoria individual que realicen de cada charla.	10
Estudo de casos	A53 A64 B1 B2 B3 B7 B8 B18 B19 B22 C4 C6	O alumnado entregará o documento de resolución xustificada do traballo na tarefa Moodle e presentará e defenderá a solución dos escenarios a través do TEAMS da materia segundo o traballado previamente en grupo dentro da aprendizaxe baseada en problemas, dentro dos prazos marcados. Criterios de cualificación Avaliarase a relevancia do traballo feito, a consecución dos obxectivos prioritarios e secundarios dos problemas expostos, as interaccións persoais de cada estudante na aula cos demais membros do grupo (segundo o número de participacións nas reunións TEAMS do grupo), a achega ao proceso de razoamento grupal (avaliada por cuestionario a cada un dos membros do grupo), a integración de coñecementos teóricos básicos na aplicación práctica, o problema exposto e as conclusións establecidas, a reflexión xeral do aprendido no caso exposto, o pensamento crítico do grupo sobre o caso e a xustificación das intervencións e/ou respostas a través de bases documentais, normas e leis éticas e deontolóxicas actuais. Valorarase a asistencia e participación na exposición e defensa do caso a través da plataforma TEAMS da materia. Aqueles que por problemas de conectividade ou motivos xustificadas, participen en diferido, deberán de facer un breve resumo e valoración individual de cada un dos casos de todos os grupos de alumnos.	16



Sesión maxistral	A13 A14 A61 A64	Valorarase a asistencia e a participación activa e produtiva ás clases no TEAMS de materia. Naquelas clases nas que o estudante participe en diferido, para computar a súa participación na mesma deberá de entregar (individualmente) 10 preguntas tipo test do tema tratado coa xustificación da corrección ou falsedade de cada unha das 4-5 opcións de resposta.	5
Traballos tutelados	B6 B10 B12 B15 B16 C1 C3 C5	Para a realización deste proxecto de creación de centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía valoraranse especialmente a orixinalidade e concreción nunha localización real concreta o plan de negocio e a desagregación dos trámites. Valorarase a asistencia e participación na exposición e defensa do proxecto a través da plataforma TEAMS da materia. Aqueles que por problemas de conectividade ou motivos xustificadas, participen en diferido, deberán de facer un breve resumo e valoración individual de cada un dos traballos de todos os grupos de alumnos.	17
Seminario	A13 A53 A64	Valorarase a asistencia e participación no seminario, así como a elaboración dunha memoria de valoración de uso do software de xestión clínica COGECOP (ou equivalente) da que se valorará especialmente a creación de exemplos de datos e a valoración crítica do aplicativo incluíndo evidencias sobre o uso dos aplicativos coma o certificado dixital e a plataforma É-Saúde.	12
Outros			

Observacións avaliación



Por tanto na matrícula ordinaria: o 40% da avaliación de materia depende por tanto da proba obxectiva que neste caso será unha proba de resposta múltiple. Por outra banda, o 27% da cualificación dependerá dos traballos tutelados (17% do proxecto de creación de clínica e 10% de eventos). Finalmente, o 33% da cualificación da materia dependerá da aprendizaxe colaborativo entendendo como tal as sesións maxistras (5%), os seminarios (12%) e o estudo de casos (16%).

Aquel alumnado que non desexe ou non poida participar dos Eventos científicos e/ou divulgativos no seu lugar poderán presentar un traballo individual sobre algún dos temas ou contidos da materia (previamente acordado con responsable da materia), traballo que deberán de entregar antes da data do exame final, a través do Campus Virtual (plataforma Moodle).

Optarán á cualificación de Matrícula de Honra aquela alumna ou alumno que obtendo unha cualificación global superior ao 95% sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega nas clases escenarios e seminarios fose significativa, priorizando os casos nos que participase de eventos relacionados coa materia ademais do traballo opcional.

Para aquel alumnado con matrícula a tempo parcial a súa cualificación corresponderá ó 60% coa nota da proba de resposta múltiple, o 15% coa memoria de eventos científicos-divulgativos (ou traballo alternativo), 15% co traballo tutelado de creación de centro sanitario e o 10% pola participación e tarefas dos seminarios. Para o alumnado con dispensa académica a súa cualificación corresponderá ó 100% coa nota obtida na proba mixta.

Segunda oportunidade: Para aquel alumnado que non superase a materia na primeira oportunidade de avaliación, manterase as mesmas porcentaxes de avaliación a cada metodoloxía que na primeira oportunidade e o alumno poderá volver realizar calquera das tarefas avaliadadas, que estime convenientes, neste caso de forma individual (mesmo as que inicialmente eran en grupo) e deberá entregalas 7 días antes da data do exame. As tarefas que non repita manterase a cualificación da primeira oportunidade. Terá que repetir, en calquera caso, o exame final da materia.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aquel alumnado que curse a materia e realice os estudos de casos e traballos tutelados coa cualificación de apto, pode volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coas cualificacións dos seminarios, eventos científicos, os estudos de casos, traballos tutelados e clases maxistras do curso académico no que cursase os estudos de casos.

Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles estudantes que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos e concédaselle poderán presentarse ao exame teórico final cuxa cualificación suporá o 100% da cualificación da materia.

A cualificación de non presentado: outorgarase a aqueles/es alumnos/as que non se presentan ao exame nin participan de ningún escenario.

A fin de establecer un proceso de mellora contínua da materia e facilitar a participación de todos os alumnos/as, mediante o envío dun arquivo co nome Apellido1_Apelido2_Nome-VALORACION.doc se poderán sumar ata 0,4 puntos á puntuación da materia, a condición de que a suma destes puntos non supoña o aprobado da mesma. Esta puntuación virá determinada por:

Cubrir a enquisa de AVALIEMOS(<http://www.udc.gal/avaliemos>): +0,25puntos Describir brevemente e de forma construtiva o que consideras o mellor e o peor da docencia da materia así como proposta de cambios: +0,1 puntos Contabiliza o total de horas dedicadas á materia: +0,05 puntos



Bibliografía básica	- Moreno de la Fuente, José Luis (2013). Podología : emprendimiento, ética, legislación y gestión. Madrid : BDS - Novel i Martí, Virgínia; Fernández Herrera, Jesús M. Ramón Meseguer Planas (2009). Manual de Marketing para la consulta de podología. Nexus Médica - Noval Cinza Jose, et al (1997). Principios de bioética. A Coruña: Servicio de Publicaciones de la Universidad de A Coruña - Medina Castellano Carmen (2000). Ética y Legislación. Madrid: D.A.E Grupo Paradigma - (1986). Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad. - (1990). Ley 25/1990, de 20 de diciembre, del medicamento. - (2002). Ley 41/2002 reguladora de la autonomía del paciente y derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica. - (2014). Código deontológico de Podología. - Medina Castellano Carmen (2000). Etica y legislación. Madrid: Paradigma - ARANGUREN, J.L., (1989). Ética. Madrid: Alianza Universidad - GOMEZ JARA, M (2007). La responsabilidad profesional sanitaria. Barcelona: Atelier Libros SA - GOMEZ JARA, M, NOVEL MARTÍ, V (2001). El ejercicio privado de las profesiones sanitarias: requisitos legales. Barcelona: Atelier Libros SA - Latorre, A (1985). Introducción al Derecho. Barcelona: Ariel
Bibliografía complementaria	- Gil Calvo (2001). Nacidos para cambiar. Como construimos nuestras biografías.. Madrid: Taurus - Becerro R, et al (2002). Prescripción y receta podológica. El Peu. 22(1):8-17 - Marín Manuel (2003). Receta medica en podología. Revista Española de Podología: XIV (3):142-144 - (). WESLAW (Aranzadi). http://www.udc.es/biblioteca/galego/Bases.htm - (). NOTICIAS JURIDICAS. http://noticias.juridicas.com/ - (). DERECHO.COM. http://www.derecho.com/ - (). BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO. http://www.boe.es/diario_boe/ - (). DIARIO OFICIAL DE GALICIA. http://www.xunta.es/consulta-do-dog - Calvo Sanchez, Dolores (2010). Secreto profesional en el ámbito de la enfermería.. Lisboa: Editorial Juruá - Mosqueda-Diaz, A., Mendoza-Parra, S., Jofré-Aravena, V. (2014). Aporte de enfermería a la toma de decisiones en salud.. Rev Bras Enferm. mai-jun; 67(3):462-7 - Garzón Alarcón, N (2001). Toma de decisiones éticas. Catadra Manuel Ancina. Etica y Bioética. - Almenara P (1995). Ética y Legislación en Enfermería. Barcelona: Masson - Arroyo P, Cortina A (1996). Ética y legislación en enfermería . Madrid: Interamericana - Arroyo MP, Serrano A (1988). Ética y Legislación en Enfermería. Madrid: Interamericana - ICN (1994). La ética en la práctica de la enfermería. Guia para la toma de decisiones éticas.. Ginebra: Consejo Internacional de Enfermeras.

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010 Podología xeral/750G02012
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Traballo de fin de grao/750G02036
Observacións



Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5:

?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green

Campus Ferrol".A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos,

no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitase a impresión de borradores.Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.Facilitase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías